

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**8812** Orde EHA/1327/2009, do 26 de maio, sobre normas especiais para a elaboración, documentación e presentación da información contable das sociedades de garantía recíproca.

O artigo 4 do Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca, establece que estas axustarán a súa información contable aos principios contidos no Plan Xeral de Contabilidade, coas adaptacións que se establezan mediante orde do ministro de Economía e Facenda. Engade o mencionado artigo que as sociedades de garantía recíproca axustarán a súa normativa contable específica aos criterios e terminoloxía aplicable nesta materia ás entidades de crédito e suxeitarán a avaliación e cobertura do risco de crédito específico das súas operacións ás disposicións de orde contable aplicables ás propias entidades de crédito, sendo estas mesmas disposicións tamén aplicables á valoración dos activos adxudicados en pagamento de debedores.

Pola súa parte, a aprobación da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, e do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, obriga a adaptar a normativa contable aos novos principios e criterios alí establecidos. Efectivamente, a regulación contable das entidades de crédito xa foi adaptada a este novo contexto mediante a Circular 6/2008, do 26 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, de modificación da Circular 4/2004, do 22 de decembro, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros. De aí que o obxecto desta orde sexa o de abordar, de maneira paralela, o tratamento contable das sociedades de garantía recíproca para axustalo no sentido requirido pola nova normativa contable. Concretamente, a orde céntrase nas adaptacións necesarias para o tratamento contable dos avais e demais garantías outorgadas, do fondo de provisións técnicas, da cobertura do risco de crédito específico, dos activos adquiridos ou adxudicados en pagamentos de débedas, do capital social e dos fondos reintegrables recibidos para a cobertura do risco de crédito.

A concesión de avais e garantías constitúe a actividade básica destas sociedades. Por este motivo, preténdese desenvolver os seus criterios de recoñecemento e valoración, considerando que o Plan Xeral de Contabilidade só fixa unhas pautas xerais para os contratos que teñen a natureza de garantías financeiras, pero non regula especificamente os criterios aplicables ao resto de avais e garantías. Os criterios desenvolvidos nesta orde para estes efectos deseñáronse de maneira equivalente aos que se recollen na normativa contable de aplicación ás entidades de crédito.

En relación con esta actividade de concesión de avais e garantías, séguese considerando imprescindible incluír no balance información sobre o importe máximo polo que poden responder as ditas sociedades por este concepto, non limitándose a facilitar datos na memoria, como fai o Plan Xeral de Contabilidade. En consecuencia, no balance destas sociedades, fóra das contas patrimoniais, inclúense unha serie de partidas, nas cales se detalla o risco contraído por este concepto, e o importe que se reavalou.

Os contratos de garantía financeira emitidos pasarán a recoñecerse inicialmente como un pasivo, valorado polo seu valor razoable, que será a comisión ou prima recibida máis o valor actual das comisións ou primas que se recibirán, salvo evidencia en contrario. Pola súa parte, o valor das primas pendentes de recibir recoñecerase como un crédito no activo. Posteriormente, o valor dos contratos de garantía financeira non cualificados como dubidosos será o importe inicialmente recoñecido no pasivo menos a parte imputada á conta de perdas e ganancias.

O principal risco a que están expostas as sociedades de garantía recíproca, como consecuencia da súa actividade, é o de crédito. Para facer fronte a este risco, a Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre o réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, establece, como característica singular destas sociedades, que as diferencia de calquera outro tipo de entidade, a obriga de «constituír un fondo de provisións técnicas, que formará parte do seu patrimonio, e terá como finalidade reforzar a solvencia da sociedade. (...) Este fondo de provisións técnicas, en todo caso poderá ser integrado por dotacións que a sociedade de garantía recíproca efectúe con cargo á súa conta de perdas e ganancias sen limitación e en concepto de provisión de insolvencias, e polas subvencións, doazóns ou outras achegas non reintegrables que efectúen (terceiros) (...)».

Pola súa parte, o Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, desenvolve o funcionamento do fondo de provisións técnicas, sinalando que «co fin de cubrir o risco de crédito do conxunto das súas operacións, a contía do fondo de provisións técnicas, con exclusión para estes efectos do importe correspondente ás provisións dotadas para a cobertura do risco de crédito das súas operacións, deberá representar como mínimo o 1 por 100 do total de risco vivo asumido pola sociedade de garantía recíproca (...)».

Ao fixar o tratamento contable do fondo de provisións técnicas nesta orde, distinguíronse os fondos dotados pola sociedade das achegas non reintegrables realizadas por terceiros.

Os importes dotados pola sociedade, con cargo á conta de perdas e ganancias, para cobertura do risco de crédito específico, contabilízanse como correccións de valor dos activos deteriorados, ou como provisións para riscos cando cobren as perdas incorridas polos avais concedidos. Os fondos que dota a sociedade, con cargo á conta de perdas e ganancias, para cubrir o risco de crédito do conxunto das súas operacións, contabilízanse nunha partida específica do pasivo, cuxo importe debe ser, como mínimo, o que fixa o Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro. O motivo polo que se dispón o seu rexistro no pasivo é que, no futuro, este importe se pode aplicar a cubrir o risco específico das operacións, polo que non se pode rexistrar inicialmente no patrimonio neto.

Ás subvencións, doazóns e outras achegas non reintegrables, dada a súa natureza, aplícaselles o mesmo criterio que fixa a norma de valoración 18.<sup>a</sup> Subvencións, doazóns e legados recibidos do Plan Xeral de Contabilidade. Así, inicialmente rexístranse no patrimonio neto, e posteriormente vanse imputando na conta de perdas e ganancias, cando sexan necesarios para compensar os gastos en que incorra a sociedade para cubrir as coberturas específicas e do conxunto de operacións obrigatorias.

O tratamento descrito contrasta co que establecía a normativa anterior, que situaba o fondo de provisións técnicas non utilizado para a cobertura do risco de crédito específico nunha epígrafe do balance posterior aos fondos propios, e previo aos ingresos que se distribuirán en varios exercicios.

Por outro lado, de acordo co sinalado no Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, dispónse que as sociedades de garantía recíproca apliquen no cálculo das coberturas específicas os mesmos criterios que estableza en cada momento a normativa contable das entidades de crédito para a cobertura do risco de insolvencia. De igual modo, o citado real decreto indica que serán de aplicación á valoración dos activos adxudicados en pagamento de débedas as disposicións de orde contable aplicables ás entidades de crédito.

Por este motivo, establécese que a clasificación e presentación en balance dos activos adxudicados se leve a cabo tomando en consideración o fin a que se destinen. Este, salvo manifestación expresa, presumírase que é a súa venda no menor prazo posible e, por iso, os activos presentaranse no balance como non correntes en venda. O tratamento diferirá, non obstante, se se destinan ao seu uso continuado; neste caso recoñeceranse e valoraranse de acordo coas disposicións aplicables ao inmovilizado material contidas no Plan Xeral de Contabilidade.

Así mesmo, dispúxose a inclusión no capital unicamente das achegas realizadas polos socios cando a sociedade ten un dereito incondicional a rexeitar o seu reembolso, ou se existen prohibicións legais ou estatutarias para realizar este, tal como unha cobertura

insuficiente do capital social obrigatorio ou dos recursos propios mínimos regulatorios. Polo contrario, rexistrarase nunha partida con natureza de pasivo financeiro o importe das achegas que non se poida rexistrar como capital. Con este tratamento faise compatible a nova definición de capital recollida no Plan Xeral de Contabilidade, coa regulación do capital social destas sociedades, que establece, na Lei 1/1994, o dereito ao reembolso das participacións.

Os fondos recibidos en garantía do conxunto de operacións, reintegrables ás persoas e entidades que os achegaron se non son necesarios para a cobertura das ditas operacións, rexistraranse como fianzas e depósitos.

Por último, hai que sinalar que se adaptaron os estados financeiros das sociedades de garantía recíproca aos cinco que forman os estados financeiros primarios recollidos no Plan Xeral de Contabilidade. Os formatos dos estados de ingresos e gastos recoñecidos, total de cambios no patrimonio neto e de fluxos de efectivo, son similares aos do dito plan, aínda que incorporando as singularidades propias destas sociedades, tal como a presentación das distintas clases de achegas de terceiros. Porén, para o balance propónse unha presentación da información por orde de liquidez, en atención a que, para estas sociedades, por seren entidades financeiras, este criterio é máis relevante que a distinción entre corrente e non corrente prevista no plan. Así mesmo, no estado total de cambios no patrimonio neto omitíronse as columnas de dividendo á conta e de participacións propias por carecer ambas de fundamento para o caso das sociedades de garantía recíproca, onde non se producen reparticións de dividendos á conta de beneficios futuros e cuxas participacións son sempre reembolsadas nas condicións fixadas pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca.

Na súa virtude, de acordo co ditame do Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Réxime xurídico.*

1. As sociedades de garantía recíproca, en diante as sociedades, elaborarán, documentarán e subministrarán a información contable exixida de acordo:

- a) Coas normas que se establecen nesta orde e nos seus anexos.
- b) Coas normas establecidas no Código de comercio, no texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e no Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

2. As normas establecidas nesta orde e nos seus anexos aplicaranse con carácter prioritario e constituirán o desenvolvemento e adaptación ao sector das sociedades de garantía recíproca das normas contables establecidas nos textos mencionados na alínea b) do punto anterior. Con carácter supletorio, aplicaranse as normas establecidas no Código de comercio, no texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e no Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

#### Artigo 2. *Documentos para reflectir a información contable.*

1. As sociedades reflectirán a súa información contable a través das contas anuais e dos estados de carácter reservado.

2. As contas anuais comprenderán o balance; a conta de perdas e ganancias; o estado de cambios no patrimonio neto, que consta de dúas partes, o estado de ingresos e gastos recoñecidos e o estado total de cambios no patrimonio neto; o estado de fluxos de efectivo e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e redactaranse de acordo coas fontes establecidas nesta orde.

3. Os estados de carácter reservado, que serán remitidos trimestralmente non máis tarde do día 15 do segundo mes seguinte á data a que correspondan, comprenderán:

- a) Balance reservado.
- b) Conta de perdas e ganancias reservada.

- c) Cobertura do risco de crédito.
- d) Clasificación dos avais e garantías outorgados.

### Artigo 3. Modelos para a presentación da información contable.

1. As sociedades utilizarán os modelos de estados que se establecen nos anexos II e III, incluíndo, no que se refire ao anexo II, os datos que corresponden ao exercicio que se cerra e ao inmediatamente anterior.

2. Cando as cantidades de dous exercicios consecutivos non sexan comparables, deberá adaptarse o importe do exercicio precedente coa debida aclaración na memoria.

### Artigo 4. *Documentos que hai que remitir ao Banco de España.*

1. As sociedades remitirán ao Banco de España as contas anuais, os estados de carácter reservado e os estados de cerramento do exercicio.

2. As contas anuais serán remitidas no prazo máximo de quince días hábiles, contados desde a data da súa aprobación pola Xunta Xeral, e irán acompañados do correspondente informe de auditoría, así como dos demais documentos complementarios que depositen no rexistro mercantil.

3. Os datos do balance e a conta de perdas e ganancias reservados correspondentes en 31 de decembro deberán coincidir cos que aprobe a xunta xeral. Se non resultasen aprobados nos mesmos termos en que foron remitidos ao Banco de España, a sociedade estará obrigada a remitir os estados rectificadas dentro dos quince días seguintes ao da celebración da xunta xeral que os aprobe, destacando e explicando as modificacións introducidas.

4. Os estados de cerramento do exercicio remitiranse non máis tarde do día 15 do segundo mes seguinte á data de cerramento correspondente. Estes estados son o estado de ingresos e gastos recoñecidos, o estado total de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo correspondentes en 31 de decembro que se inclúen nas contas anuais.

Os ditos estados terán un carácter provisional ata a súa aprobación pola xunta xeral. Se non resultasen aprobados nos mesmos termos en que foron remitidos ao Banco de España, a sociedade estará obrigada a remitir os estados rectificadas dentro dos quince días seguintes ao da celebración da xunta xeral que os aprobe, destacando e explicando as modificacións introducidas.

5. Con independencia do disposto nos puntos anteriores, o Banco de España, co fin de cumprir adecuadamente as funcións que lle estean encomendadas, poderá exixir das sociedades, con carácter xeral ou particular, canta información precise para aclarar ou ampliar os datos dos documentos exixibles.

### Artigo 5. *Normas adicionais relativas aos estados reservados, de cerramento do exercicio e contas anuais.*

1. A presentación e elaboración dos estados reservados e de cerramento do exercicio farase cos criterios que o Banco de España determine por comunicación ás sociedades. Cando estes criterios posúan un carácter xeral, o Banco de España poderá publicalos na súa páxina electrónica.

2. Os estados de carácter reservado estarán suxeitos ao disposto no artigo 6 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, de adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas.

3. O Banco de España fixará os estados reservados que as sociedades de garantía recíproca terán que presentar en relación co coeficiente de recursos propios, investimentos obrigatorios e límite ás inmovilizacións materiais e ás accións e participacións, así como os criterios para a súa elaboración.

4. O Banco de España poderá fixar mediante comunicación ás sociedades criterios para que lle remitan telematicamente as contas anuais, o informe de auditoría e os demais documentos complementarios que depositen no rexistro mercantil.

Disposición transitoria primeira. Aplicación do réxime transitorio do Plan Xeral de Contabilidade.

A formulación das contas anuais de 2008, primeiras contas en que se utilizarán os criterios desta orde, deberase realizar aplicando, en todo caso, o establecido nas disposicións transitorias primeira a cuarta do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade. Adicionalmente, non será necesario aplicar o criterio do terceiro parágrafo do punto I.1.1 A) do anexo I ao importe das comisións ou primas percibidas no inicio das operacións aos avais e garantías vixentes en 31 de decembro de 2007.

Disposición transitoria segunda. *Remisión dos estados de carácter reservado e dos estados de cerramento correspondentes en 31 de decembro de 2008 e en 31 de marzo de 2009.*

1. Para efectos de remisión ao Banco de España dos estados de carácter reservado e de cerramento do exercicio, a que se refire o artigo 3, correspondentes en 31 de decembro de 2008 e en 31 de marzo de 2009, o prazo de remisión amplíase ata o 30 de xuño de 2009.

2. As sociedades de garantía recíproca remitirán ao Banco de España, para efectos estatísticos, xunto cos estados de cerramento correspondentes en 31 de decembro de 2008, unha estimación dos datos do balance reservado correspondente en 31 de decembro de 2007, excepto os relativos á partida «3. Outras contas» da pro-memoria, elaborados co formato e criterios contables que establece esta orde.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 12 de febreiro de 1998 sobre normas especiais para a elaboración, documentación e presentación da información contable das sociedades de garantía recíproca.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado. Non obstante, aplicarase por primeira vez ás contas anuais de 2008 e aos estados que se renderán ao Banco de España correspondentes en 31 de decembro de 2008.

Madrid, 26 de maio de 2009.—A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.

## ANEXO I

### **Normas de valoración, presentación de estados, públicos e reservados, e contido da memoria complementarias das do Plan Xeral de Contabilidade que deben aplicar as sociedades de garantía recíproca**

#### *I. Criterios de contabilización, valoración e presentación de estados*

##### 1. Avais e demais garantías outorgados

1.1 Criterio xeral.—Os avais e demais garantías outorgados polas sociedades de garantía recíproca trataranse da seguinte forma.

A) Garantías financeiras: un contrato de garantía financeira, ou crediticia, é aquel que exige que o emisor efectúe pagamentos específicos para reembolsar ao tedor pola perda en que incorre cando un debedor específico incumpra a súa obriga de pagamento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, dun instrumento de débeda. Este concepto comprende os avais en que se garanten, directa ou indirectamente, débedas, tales como créditos, préstamos, operacións de arrendamento financeiro e adiamentos de pagamento de todo tipo de débedas.

Estes contratos incluíranse inicialmente na partida do pasivo «Pasivos por avais e garantías. Garantías financeiras» e valoráranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será a comisión ou prima recibida máis, se é o caso, o valor actual das comisións ou primas que se recibirán como contraprestación pola concesión da garantía financeira, descontadas ao tipo de xuro que se aplique á operación garantida no momento da concesión da garantía.

As comisións ou primas que se perciban no inicio das operacións que compensen custos de transacción rexistráranse inmediatamente na conta de perdas e ganancias como ingresos por avais e garantías. En ausencia dunha contabilidade analítica que os xustifique, ou da súa identificación individualizada, o importe das comisións cobradas que se destine a compensar custos de transacción non poderá ser superior ao que resulte de aplicar a normativa sobre comisións vixente para as entidades de crédito. En ningún caso se poden recoñecer ingresos para compensar custos de transacción por un importe superior á comisión cobrada no inicio da operación.

Nas comisións cobradas pola concesión de liñas de avais, os importes que non compensen custos de transacción non se comezarán a imputar na conta de perdas e ganancias ata que se outorgue unha garantía. Se o prazo da liña de avais expira sen se ter disposto de ningunha garantía, as comisións cobradas rexistráranse na conta de perdas e ganancias na data de expiración.

Con posterioridade ao seu recoñecemento inicial, o valor dos contratos de garantía financeira que non se cualificasen como dubidosos será o importe inicialmente recoñecido no pasivo menos a parte imputada á conta de perdas e ganancias porque corresponda a ingresos devengados. Estes recoñeceráanse na partida «Ingresos por avais e garantías» da conta de perdas e ganancias linealmente ao longo da vida esperada da garantía ou con outro criterio sempre que este reflecta máis adecuadamente a percepción dos beneficios e riscos económicos da garantía.

O importe das comisións ou primas pendentes de cobramento recoñeceráse no activo na partida «debedores varios» polo valor actual dos fluxos de efectivo futuros descontados ao mesmo tipo de xuro que se utilice para calcular os pasivos por avais e garantías. Os xuros que xeren estes activos calcularáanse utilizando o tipo de xuro ao cal se actualicen inicialmente e rexistráranse na conta de perdas e ganancias como ingresos financeiros.

Non obstante o sinalado anteriormente, nas operacións con vencemento non superior a un ano, os pasivos por avais e garantías, así como os saldos debedores por comisións, poderanse valorar polo seu nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

B) Resto de avais e garantías: os avais e demais contratos de garantía que non cumpran a definición de garantía financeira (tales como os dados para asegurar a participación en poxas e concursos ou a boa fin dunha obra ou operación, os de importación e exportación de bens e servizos, e os avais técnicos e afianzamentos de calquera tipo, incluídas as promesas de aval formalizadas irrevogables e as cartas de garantía en canto poidan ser exixibles en dereito) seguirán o mesmo tratamento para efectos de valoración e presentación que as garantías financeiras, coas seguintes particularidades: o seu importe recoñeceráse na partida do pasivo «Pasivos por avais e garantías. Resto de avais e garantías»; como tipo de xuro para calcular o valor actual dos debedores e pasivos por avais utilizarase o tipo de xuro ao cal o socio avalado podería obter un préstamo coa garantía da sociedade por un importe e prazo equivalente ao da garantía concedida; e cando non teñan un prazo de vencemento determinado, a sociedade estimaráo de acordo coa súa experiencia para contratos similares.

1.2. Avais e garantías dubidosos.—As garantías financeiras, así como o resto de avais e garantías, calquera que sexa a súa natureza e instrumentación, cuxo pagamento pola sociedade se considere probable e a súa recuperación dubidosa, cualificaráanse como dubidosos. En particular, cualificaráanse como dubidosos:

a) Por razón da morosidade do avalado: o importe das garantías financeiras en que o avalado incorrese en morosidade na operación garantida, conforme os criterios contables

que, en cada momento, sexan aplicables ás entidades de crédito españolas. A data determinante para contar o prazo para a clasificación das garantías financeiras como dubidosas é a do vencemento da primeira cota ou prazo do risco en diñeiro impagado polo avalado aos seus prestamistas ou acredores que permaneza, total ou parcialmente, pendente de pagamento na data do balance.

b) Por razóns distintas da morosidade do avalado: o importe dos avais e garantías outorgados non cualificados como dubidosos por razón da morosidade do avalado cuxo pagamento pola sociedade sexa probable e a súa recuperación dubidosa. Nesta categoría inclúiranse aqueles avais que se teñan que cualificar como tales conforme os criterios contables que en cada momento sexan aplicables ás entidades de crédito españolas, que comprenden, entre outros, os avais e garantías dos avalados declarados ou que conste que se vaian declarar en concurso de acredores, con ou sen petición de liquidación, e os que sufran unha deterioración da súa solvencia, aínda que o beneficiario do aval non reclamase o seu pagamento, así como aqueles sobre os cales se iniciase ou se vaia iniciar un litixio.

Acualificación como dubidoso dun aval ou garantía outorgado implicará a reclasificación dos seus saldos pendentes de cobramento por comisións á partida «Socios dubidosos» e do saldo da partida «Pasivos por avais e garantías» correspondente á operación dubidosa á partida «Provisións por avais e garantías», procedendo a realizar as correccións de valor por deterioración do activo e dotacións das previsións necesarias para a súa cobertura conforme o sinalado no número 3 deste anexo.

## 2. Fondo de previsións técnicas

2.1. Composición.—O fondo de previsións técnicas está integrado polo importe do fondo dotado pola sociedade e polas achegas non reintegrables e similares recibidas para a cobertura do risco de crédito específico e do conxunto das súas operacións.

2.2. Fondo de previsións técnicas dotado pola sociedade.—É o importe que as sociedades doten con cargo á súa conta de perdas e ganancias conforme o sinalado no artigo 9.a) da Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca.

Os fondos que se doten para a cobertura do risco de crédito específico dos avais e garantías recoñeceranse na partida do pasivo «Provisións por avais e garantías» e os que se utilicen para a cobertura de activos financeiros ou inmoables adxudicados en pagamento de débedas recoñeceranse como correccións de valor por deterioración de activos. Os importes dotados por este concepto que se recuperen aboaranse na conta de perdas e ganancias.

Os importes que se doten para a cobertura do risco do conxunto de operacións recoñeceranse na partida do pasivo «Fondo de previsións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións» con cargo á partida «Dotacións ao fondo de previsións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións (neto)» da conta de perdas e ganancias. Este fondo poderase utilizar para compensar a cobertura do risco de crédito específico que sexa necesaria para os activos, avais e garantías, conforme o disposto no punto 3 seguinte; ou a corrección de valor por deterioración dos activos adxudicados en pagamento de débedas, conforme o punto 4 seguinte. Os importes deste fondo que se utilicen para compensar as coberturas específicas contabilizadas na conta de perdas e ganancias recoñeceranse como un ingreso na partida «Dotacións ao fondo de previsións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións (neto)».

2.3. Achegas de terceiros ao fondo de previsións técnicas.—É o importe desembolsado das subvencións, doazóns e demais achegas de carácter non reintegrable, calquera que sexa a súa natureza, realizadas por terceiros á sociedade conforme o sinalado no artigo 9.b) e c) da Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca.

Estas achegas recoñeceranse inicialmente na partida do patrimonio neto «Fondo de previsións técnicas. Achegas de terceiros». Cando a sociedade non dote no exercicio, sen incorrer en perdas, importes suficientes ao fondo de previsións técnico, o importe achegado

por terceiros recoñecerase como un ingreso na conta «Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros utilizadas» da conta de perdas e ganancias para compensar: a cobertura do importe mínimo que para o conxunto de operacións establece o punto 2.4 seguinte; a cobertura do risco de crédito específico que sexa necesaria para os activos, avais e garantías, conforme o disposto no punto 3 seguinte; ou a corrección de valor por deterioración dos activos adxudicados en pagamento de débedas, conforme o punto 4.

2.4. Fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións.—É o importe do fondo de provisións técnicas que se destine a cubrir o risco de crédito do conxunto de operacións de acordo co sinalado no artigo 3.2 do Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca.

O seu importe deberá ser como mínimo o 1% do total do risco vivo da sociedade por avais e garantías outorgados, valores representativos de débeda e calquera outra cantidade pendente de cobramento, exceptuando:

- a) O importe dos riscos para os cales se efectuase cobertura de carácter específico.
- b) O importe dos riscos derivados de valores emitidos polas administracións públicas incluídos os derivados de adquisicións temporais de débeda pública, organismos autónomos e demais entidades de dereito público dependentes delas, o importe dos riscos garantidos polas ditas administracións públicas, directamente ou indirectamente a través de organismos con garantía ilimitada delas; os riscos derivados de valores emitidos polos Estados membros da Unión Europea; os riscos asegurados, reavalados ou reafianzados por organismos ou empresas públicas de países da Unión Europea cuxa actividade principal sexa o aseguramento, ou aval de crédito, na parte cuberta, os garantidos con depósitos en diñeiro e os saldos pendentes de cobramento por comisións por avais.
- c) O 50% do importe dos riscos garantidos suficientemente con hipotecas sobre vivendas, oficinas e locais polivalentes terminados e predios rústicos.
- d) Os depósitos en entidades de crédito.

### 3. Cobertura do risco de crédito específico

3.1 Criterio xeral.—O importe das correccións de valor e provisións constituídas para a cobertura do risco de crédito específico debe ser igual ao importe das perdas estimadas por instrumentos de débeda, avais e garantías.

As sociedades aplicarán no cálculo das coberturas específicas os mesmos criterios que estableza en cada momento a normativa contable das entidades de crédito para a cobertura do risco de insolvencia, coas precisións que se efectúan nos seguintes puntos.

3.2 Cobertura de activos que non teñan a súa orixe en avais ou garantías.—O importe para a cobertura de activos que non teñan a súa orixe en avais ou garantías calcularase aplicando directamente as normas sobre cobertura do risco de insolvencia que sexan aplicables en cada momento ás entidades de crédito.

3.3 Cobertura de avais, garantías e socios dubidosos.—As provisións necesarias para a cobertura dos avais e garantías e as correccións de valor por deterioración dos riscos en diñeiro que teñan a súa orixe neles serán iguais á suma dos importes que se obteñan de aplicar aos «riscos axustados das operacións» os criterios de cobertura establecidos en cada momento para os riscos similares na normativa contable das entidades de crédito, minorados, se é o caso, polas coberturas non necesarias por contratos de reafianzamento, calculadas estas de acordo cos termos dos contratos de reaval subscritos.

Para estes efectos, enténdese por «risco axustado dunha operación» o risco total asumido pola sociedade minorado polos importes correspondentes ao capital desembolsado polo socio non afecto a outra garantía —se está expresamente recollido no contrato de aval ou nos estatutos da sociedade que se poida utilizar para compensar os seus saldos dubidosos— e ás achegas en diñeiro recibidas especificamente para a súa cobertura. Os importes reavalados por sociedades de reafianzamento pendentes de cobramento non se deducirán para efectos do cálculo do risco axustado.



#### 4. Activos adquiridos en pagamento de débedas

Os activos adquiridos ou adxudicados en pagamento de débedas (en diante activos adxudicados) son os activos que a sociedade recibe dos seus debedores para a satisfacción, total ou parcial, das súas débedas, con independencia do modo de adquirir a propiedade. A clasificación e presentación en balance dos activos adxudicados levarase a cabo tomando en consideración o fin a que se destinen. Salvo manifestación expresa na memoria da sociedade, presumirase que todos os activos adxudicados se adquiren para a súa venda no menor prazo posible e presentaranse no balance na partida «Activos non correntes mantidos para a venda».

Os activos materiais que se destinen a uso continuado, xa fose para uso propio ou como investimento inmobiliario, presentaranse, recoñeceranse e valoraranse de acordo coas disposicións aplicables a estes activos contidas no Plan Xeral de Contabilidade. Os activos financeiros recoñeceranse e valoraranse de acordo co disposto no Plan Xeral de Contabilidade.

Os restantes activos adxudicados recoñeceranse e valoraranse inicialmente polo importe neto dos activos financeiros entregados valorados tendo en conta a corrección de valor que lles corresponda. Este importe será considerado o seu custo. Posteriormente, valoraranse polo menor importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en libros. Neste sentido, os activos adxudicados que permanezan en balance durante un período de tempo superior ao inicialmente previsto para a súa venda analizaranse individualmente para recoñecer calquera perda por deterioración que se poña de manifesto con posterioridade á súa adquisición. Na análise da deterioración tomaranse en consideración, ademais das ofertas razoables recibidas no período fronte ao prezo de venda ofrecido, as dificultades para encontrar compradores, así como, para o caso dos activos materiais, calquera deterioración física que puidese menoscabar o seu valor.

As obrigas en que a sociedade quedase subrogada como consecuencia da adxudicación dun activo reflectiranse como un pasivo financeiro, valorado ao seu custo amortizado.

O importe dos activos adxudicados que, se é o caso, corresponda a sociedades de reafianzamento rexistrarse no activo conforme os criterios establecidos nos contratos subscritos coas ditas sociedades, manténdose, ata a data do seu pagamento, a débeda coa sociedade de reafianzamento na conta de pasivo «Sociedades de reafianzamento».

#### 5. Capital social

As achegas realizadas polos socios ao capital das sociedades recoñeceranse como patrimonio neto na partida «Capital» cando a sociedade poida rexeitar o seu reembolso por prohibicións legais ou estatutarias. O seu importe será o maior dos seguintes:

- a) O capital social mínimo fixado nos estatutos.
- b) O importe dos requirimentos mínimos de recursos propios calculados conforme a normativa de solvencia aplicable a estas sociedades que non estea cuberto con outros elementos computables como recursos propios.

O importe das achegas ao capital social que non se poidan rexistrar como patrimonio neto recoñecerase na partida do pasivo «Capital reembolsable á vista».

#### 6. Fondos reintegrables recibidos para cobertura do risco de crédito

Os fondos recibidos en garantía de operacións que sexan reintegrables ás persoas e entidades que os achegasen se non son necesarios para a cobertura das ditas operacións rexistraranse na partida do pasivo «Fianzas e depósitos recibidos» e non se darán de baixa ata que se produza a súa devolución aos seus achegantes, estes renuncien ao seu cobramento á sociedade avalista ou se apliquen para dar de baixa do activo o risco que cubran pola súa cualificación como falido.

## 7. Presentación nos estados financeiros das contas anuais

7.1 Criterio xeral.—As partidas incluídas nos diferentes estados teñen o mesmo contido que no Plan Xeral de Contabilidade, coas precisións que se fan nos seguintes puntos.

### 7.2 Balance.

7.2.1 Capital.—As sociedades desagregarán o capital social en función da situación en que se encontre nas seguintes partidas:

a) Capital suscrito. Esta partida inclúe o importe total do capital suscrito polos socios protectores e partícipes con independencia de que fose desembolsado ou se teña que presentar no pasivo como «Capital reembolsable á vista». O importe do capital suscrito desagregarase entre o correspondente a socios protectores e a socios partícipes.

b) Menos: capital non exixido. Nesta partida rexistrarase o importe total do capital pendente de desembolso que non se lles exixise aos socios.

c) Menos: capital reembolsable á vista. Esta partida recolle o importe do capital social desembolsado ou exixido pendente de desembolso que non cumpra a definición de patrimonio neto. O seu importe coincidirá co da partida de pasivo «Capital reembolsable á vista».

7.2.2 Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros.—Esta partida do patrimonio neto recolle o importe desembolsado das subvencións, doazóns e demais achegas de carácter non reintegrable, calquera que sexa a súa natureza, realizadas por terceiros á sociedade conforme o sinalado no artigo 9.b) e c) da Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, que non se utilizasen para cubrir o risco de crédito específico ou do conxunto de operacións.

7.2.3 Fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións.—Esta partida do pasivo recolle o importe do fondo de provisións técnicas que se destine a cubrir o risco de crédito do conxunto de operacións de acordo co sinalado no artigo 3.2 do Real decreto 2345/1996, do 8 de novembro, sobre normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das sociedades de garantía recíproca.

7.2.4 Acredores varios.—Esta partida incluírá as cantidades dos avais e garantías reclamados polos beneficiarios das garantías que estean pendentes de pagamento, así como calquera débeda de natureza comercial.

7.2.5 Pasivos por avais e garantías.—Esta partida recolle o importe polo que están rexistrados no pasivo os avais e garantías para os cales non se constituísen provisións para a cobertura do seu risco de crédito específico.

7.2.6 Provisións por avais e garantías.—Esta partida recolle o importe polo que están rexistrados no pasivo os avais e garantías para os cales se constituísen provisións para a cobertura do seu risco de crédito específico.

7.2.7 Fianzas e depósitos recibidos.—Esta partida recolle o importe dos fondos recibidos en garantía de operacións que sexan reintegrables ás persoas e entidades que os achegasen se non son necesarios para a cobertura das ditas operacións, excepto os achegados por sociedades de reafianzamento, salvo os que se dean de baixa do balance por se ter utilizado para compensar saldos cualificados como activos falidos.

7.2.8 Sociedades de reafianzamento.—Esta partida recolle o importe dos fondos de calquera natureza pendentes de devolución a sociedades de reafianzamento, salvo os que se dean de baixa do balance por se ter utilizado para compensar saldos cualificados como activos falidos.

7.2.9 Activos financeiros híbridos e derivados.—Os activos financeiros híbridos cuxo derivado implícito sexa segregable conforme a normativa do Plan Xeral de Contabilidade incluíranse na partida «activos financeiros híbridos» tanto se se separa o derivado implícito para efectos de valoración como se se valora integramente o instrumento polo seu valor razoable.

Os valores razoables dos derivados, incluídos os segregados de activos financeiros híbridos conforme o disposto no Plan Xeral de Contabilidade cando o instrumento non se

valore integramente polo seu valor razoable, incluíranse segundo o seu saldo sexa favorable ou contrario á sociedade, nas contas do activo ou pasivo que correspondan en función de que se cualificasen ou non como integrantes de coberturas contables.

7.2.10 Xuros xerados non vencidos.—Os xuros xerados non vencidos presentaranse no balance na mesma partida en que se rexistren os instrumentos financeiros a que correspondan.

7.2.11 Socios dubidosos.—Nesta partida do activo inclúense os importes pagados e os reclamados polos beneficiarios de avais e garantías dubidosos, así como os saldos pendentes de cobramento aos socios por comisións, ingresos por servizos ou desembolsos de capital exixidos, que sexan de dubidoso cobramento.

O saldo desta partida non se minorará nos importes percibidos de terceiros para a cobertura das operacións dubidosas mentres subsista a obriga por parte da sociedade avalista de devolvelos a aqueles que os desembolsaron en caso de que se recuperen os saldos dubidosos.

7.2.12 Resto de activos dubidosos.—Os activos financeiros distintos dos correspondentes a socios que, consonte a normativa aplicable ás entidades de crédito españolas, se deban cualificar como dubidosos presentaranse no balance nas súas contas de orixe.

7.2.13 Correccións de valor de activos deteriorados.—Os importes constituídos para a corrección de valor dos activos por perdas por deterioración presentaranse no balance deducindo a partida que corrixan.

7.2.14 Activos falidos.—Os activos cuxa recuperación se considere remota despois da súa análise individualizada daranse de baixa do balance.

O importe total dos activos falidos que se recupere que corresponda a terceiros rexistrárase na partida «Fianzas e depósitos recibidos» ou «Sociedades de reafianzamento» ata o seu pagamento.

7.2.15 Risco en vigor por avais e garantías outorgados.—O risco en vigor asumido polas sociedades por avais e garantías reflectirase como unha pro-memoria do balance na partida «Risco en vigor por avais e garantías outorgados» polo importe máximo de que responda a sociedade fronte a terceiros na data a que se refira o balance, calquera que sexa a súa instrumentación ou causa, distinguindo entre «Garantías financeiras» e «Resto de avais e garantías», por non ter sido pagado ou reclamado o seu pagamento polo beneficiario da garantía.

Nos avais e garantías en que o risco se incrementa como consecuencia da xeración de xuros, o importe máximo garantido deberá incluír, ademais do principal garantido, os xuros vencidos pendentes de cobramento.

Os importes garantidos polas sociedades unicamente se poderán diminuír ou dar de baixa cando conste fidedignamente que se reduciron ou cancelaron os riscos garantidos ou cando se fagan efectivos fronte a terceiros ou fose reclamado o seu pagamento polo beneficiario da garantía».

Os avais e garantías denominados en moeda estranxeira converteranse a euros ao cambio medio do mercado de divisas de contado da data a que se refira o balance ou, no seu defecto, do último día hábil de mercado anterior á dita data.

O importe dos avais e garantías cualificados como dubidosos non reclamados polos beneficiarios tamén se rexistrará na partida «do que: dubidosos».

7.2.16 Riscos reavalados.—O importe vivo dos avais e demais garantías outorgados efectivamente reavalados por sociedades de reafianzamento, administracións públicas e organismos dependentes delas figurará na pro-memoria do balance na partida «Risco reavalado», detallando na partida «do que: avais e garantías dubidosos» o importe dos avais e garantías dubidosos imputable ao reavalista.

### 7.3 Conta de perdas e ganancias.

7.3.1 Dotacións a provisións por avais e garantías (neto).—Esta partida recolle o importe das dotacións realizadas para a cobertura do risco de crédito específico de avais e garantías neto das recuperacións de importes dotados en exercicios anteriores.

7.3.2 Correccións de valor por deterioración de socios dubidosos (neto).—Esta partida recolle o importe das correccións de valor por deterioración dos importes pagados ou reclamados por avais e garantías dubidosos, así como das demais débedas de socios dubidosos, neto das recuperacións de importes dotados en exercicios anteriores, incluídos os de activos cualificados como falidos.

7.3.3 Pagamentos a terceiros por recuperación de activos dubidosos ou falidos.—Os pagamentos que se realicen a terceiros con motivo dos trámites para recuperar activos dubidosos e falidos (tales como honorarios de letrados, provisións de fondos a procuradores, taxacións e outros estudos técnicos, etc.) débense contabilizar directamente na conta de perdas e ganancias como «outros gastos de explotación», salvo que por seren repercutibles se contabilicen como activos dubidosos na mesma partida en que se registre o risco en diñeiro do obrigado ao pagamento cunha cobertura por risco de crédito específico igual á totalidade do seu importe.

7.3.4 Dotacións ao fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións (neto).—Esta partida recolle o importe dotado para a cobertura do conxunto de operacións, neto, se é o caso, dos importes utilizados para cubrir o risco de crédito específico.

7.3.5 Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros utilizadas.—Esta partida recolle o importe das achegas de terceiros ao fondo de provisións técnicas utilizado no exercicio para compensar os gastos causados por cobertura do risco de crédito.

7.3.6 Xuros de demora cobrados.—Os xuros de demora cobrados por activos dubidosos ou falidos contabilizaranse na conta de perdas e ganancias como ingresos financeiros.

## 8. Presentación nos estados financeiros reservados

8.1 Criterio xeral.—Os estados reservados elaboraranse aplicando os mesmos criterios de recoñecemento, valoración e presentación que os das contas anuais, sen prexuízo das desagregacións de información adicional incluídas nos ditos estados. Non obstante, para efectos do cálculo do importe da partida «capital reembolsable á vista», nos balances reservados correspondentes a marzo e setembro poderase asumir que os requirimentos de recursos propios non se modificaron desde a última declaración enviada ao Banco de España, salvo que a sociedade poida realizar unha mellor estimación.

Nos seguintes puntos detállase o contido das informacións pro-memoria solicitadas exclusivamente no balance reservado.

8.2 Préstamos e partidas a cobrar.—Esta partida inclúe o importe dos activos financeiros incluídos nesta categoría para efectos da súa valoración por cumprir o disposto para ela no Plan Xeral de Contabilidade. Esta partida desagregase en «Valores representativos de débeda», que recolle os valores non negociados en mercados activos, «Activos financeiros híbridos» e «Resto», que inclúe o importe das partidas incluídas en «debedores comerciais e outras contas a cobrar», distintas dos activos por impostos, así como os depósitos en entidades de crédito.

8.3 Activos financeiros mantidos para negociar.—Esta partida recolle o importe dos activos financeiros (instrumentos de patrimonio, valores representativos de débeda e activos financeiros híbridos negociados en mercados activos; e derivados, incluídos os implícitos segregados dos seus contratos principais, que non sexan de cobertura) incluídos nesta categoría para efectos da súa valoración por cumprir o disposto para ela no Plan Xeral de Contabilidade.

8.4 Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias.—Esta partida inclúe o importe dos activos financeiros híbridos que non sendo da carteira de negociación se valoren polo seu valor razoable.

8.5 Activos financeiros dispoñibles para a venda.—Esta partida recolle o importe dos activos financeiros (valores representativos de débeda e activos financeiros híbridos negociados en mercados activos, e instrumentos de patrimonio, cotizados ou non, distinguindo segundo que se valoren polo seu valor razoable ou polo seu custo) incluídos nesta categoría para efectos da súa valoración por cumprir o disposto para ela no Plan Xeral de Contabilidade.

8.6 Inversións mantidos ata o vencemento.–Esta partida recolle o importe dos valores representativos de débeda e activos financeiros híbridos negociados en mercados activos incluídos nesta categoría para efectos da súa valoración por cumprir o disposto para ela no Plan Xeral de Contabilidade.

8.7 Plusvalías (minusvalías) latentes netas en inversións mantidos ata o vencemento.–Esta partida inclúe o importe da diferenza que exista na data do balance entre o valor razoable e o valor en libros dos activos financeiros incluídos nesta categoría.

8.8 Variacións de valor acumuladas en activos financeiros.–Esta partida recolle o importe neto dos cambios de valor razoable acumulados desde o recoñecemento inicial dos activos financeiros incluídos nas categorías de «outros activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias» e «activos financeiros dispoñibles para a venda».

8.9 Capital social mínimo.–Esta partida recolle o importe da cifra mínima de capital social fixada nos estatutos.

8.10 Capital social de socios dubidosos.–Esta partida inclúe o importe do capital social de socios avalados dubidosos que non se dese de baixa do balance porque non se aplicase a reducir os seus riscos dubidosos.

8.11 Capital social reclamado pendente de reembolso.–Esta partida recolle o importe do capital social reclamado polos socios partícipes pendente de reembolso.

8.12 Capital social reembolsado.–Esta partida rexistra o importe do capital social reembolsado aos socios partícipes, mentres continúe respondendo da actividade da sociedade.

8.13 Achegas ao fondo de provisións técnicas pendentes de desembolso.–Esta partida recolle o importe das achegas ao fondo de provisións técnicas pendentes de cobramento polas sociedades que consten nos orzamentos aprobados dos socios protectores e administracións públicas.

8.14 Socios dubidosos. Importe reavalado.–Esta partida informa do saldo da partida «Socios dubidosos» que estea reavalado, desagregando o seu importe segundo que estea desembolsado, reclamado pendente de cobramento ou non reclamado aos reavalistas.

8.15 Activos falidos.–Esta partida recolle o importe dos activos cualificados como falidos sobre os que as sociedades continúen tendo dereito ao seu cobramento e non renunciasen a el, con desagregación do importe cuberto con achegas de terceiros que, en caso de cobramento, proceda a súa devolución aos achegantes.

8.16 Produtos vencidos e non cobrados de activos dubidosos.–Esta partida recolle o importe dos xuros vencidos pendentes de cobramento de activos dubidosos.

8.17 Outros activos dubidosos.–Esta partida inclúe o importe dos instrumentos de débeda, distintos dos correspondentes a socios, incluídos nas diferentes partidas do activo cualificados como de dubidoso cobramento.

8.18 Correccións de valor por deterioración de activos.–Esta partida recolle o importe acumulado das correccións de valor deducidas do valor dos activos.

8.19 Empréstitos emitidos e pendentes de subscripción.–Esta partida recolle o importe das obrigas que se emitisen pendentes de subscripción.

8.20 Dispoñibles a favor da sociedade.–Esta partida recolle o importe non disposto de liñas de crédito concedidas ás sociedades.

8.21 Derivados financeiros (nocial).–Esta partida recolle o valor nocial dos derivados financeiros, excepto o correspondente a derivados implícitos incluídos en activos financeiros híbridos.

## II. *Contido da memoria*

A memoria deberá conter, ademais do establecido no Plan Xeral de Contabilidade, a información que se indica nos seguintes puntos:

### 1. *Normas de valoración*

Na memoria deberanse indicar, ademais dos criterios de valoración que se detallan no modelo de memoria do Plan Xeral de Contabilidade, os específicos na operativa destas sociedades.

## 2. *Avais e garantías outorgados*

Os avais e garantías outorgados desagregaranse, por un lado, entre garantías crediticias e resto de avais e garantías, e, por outro, entre avais e garantías prestados ante entidades de crédito, administracións públicas e outros beneficiarios. Para cada unha das ditas categorías detallarase o saldo inicial, as altas e baixas do exercicio, e o saldo final; así mesmo, indicaranse os importes que estean reafianzados, os que se estiman dubidosos e as provisións que os cobren.

## 3. *Activos dubidosos e falidos*

O importe dos activos dubidosos e dos activos falidos desagregarase entre o importe que asume integramente a sociedade e o que está reavalado. Así mesmo, para cada un dos conceptos anteriores indicárase: saldo inicial, altas e baixas do exercicio e saldo final.

## 4. *Capital social*

En relación co capital social deberá figurar a seguinte información na memoria:

- a) A cifra mínima de capital fixada nos estatutos.
- b) A relación de todos os socios protectores xunto co importe do capital que subscribisen e o que estea pendente de desembolso.
- c) O número de socios partícipes e o importe do capital social total suscrito e o pendente de desembolso por eles, desagregado entre socios dubidosos, restantes socios avalados e socios non avalados.
- d) O importe do capital social reclamado polos socios pendente de reembolso, indicando se está rexistrado como capital social ou como acredores.
- e) O importe total do capital social reembolsado que continúe respondendo da actividade da sociedade, distribuído polos anos en que se efectuou o reembolso.

## 5. *Fondo de provisións técnicas*

Para cada unha das partidas que integran o fondo de provisións técnicas que non se utilizou para a cobertura do risco de crédito específico –«Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros» e «Fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións»– indicárase os seguintes datos: saldo inicial, altas e baixas do exercicio, e saldo final.

Ademais, o fondo de provisións técnicas existente para a cobertura do risco de crédito do conxunto de operacións desagregarase entre o fondo mínimo necesario e o exceso sobre o dito importe.

Así mesmo, relacionaranse os importes pendentes de desembolso por socios protectores e administracións públicas que consten nos seus orzamentos aprobados.

Ademais, se se recibiron achegas non reintegrables para a cobertura, en primeiro lugar, de avais que cumpran determinados requisitos, detallaranse, para cada tipo de achega, todas as súas características e desagregaranse individualmente os seus saldos e os movementos que experimentasen no exercicio, distinguindo entre os importes que se aplicasen para a cobertura de riscos específicos, os que aínda estean dispoñibles para a cobertura de determinado tipo de avais e os que xa se poidan aplicar á cobertura do risco de crédito do conxunto de operacións. Así mesmo, indicárase necesariamente que condicións se teñen que cumprir para que esas achegas se poidan utilizar para a cobertura do risco de crédito do conxunto de operacións.

## 6. *Cobertura do risco de crédito específico*

Para as correccións de valor realizadas para a cobertura do risco de crédito específico de activos e para as provisións para cobertura de avais e garantías incluírase a seguinte información: saldo inicial, altas e baixas do exercicio e saldo final.

## 7. Contratos de reafianzamento

Na memoria describíranse as principais características dos contratos de reafianzamento en vigor (sociedade de reafianzamento, importe total máximo garantido e forma do seu cálculo, importe máximo garantido por aval, data de vencemento do contrato...). Así mesmo, para cada un dos contratos indicárase: o importe total reafianzado, o saldo dubidoso, as insolvencias non provisionadas pola sociedade por estaren cubertas polo contrato de reaval e as cantidades cobradas pola sociedade de garantía recíproca sobre as cales a sociedade de reafianzamento manteña dereitos, distinguindo entre o importe total cobrado e o cobrado no exercicio pola sociedade de garantía recíproca, indicando para cada un deles as contías que están rexistradas no pasivo e as que se deron de baixa do balance.

### ANEXO II

#### ESTADOS PÚBLICOS

##### Balance

###### *Activo*

- I. Tesouraría.
  - II. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.
    1. Socios dubidosos.
    2. Debedores varios.
    3. Outros créditos coas administracións públicas.
    4. Socios por desembolsos exixidos.
    5. Activos por imposto corrente.
    6. Resto de contas a cobrar.
  - III. Investimentos financeiros.
    1. Instrumentos de patrimonio.
    2. Valores representativos de débeda.
    3. Depósitos a prazo en entidades de crédito.
    4. Activos financeiros híbridos.
    5. Derivados de cobertura.
    6. Resto de derivados.
  - IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas.
  - V. Activos non correntes mantidos para a venda.
  - VI. Inmobilizado material.
    1. Terreos e construcións.
    2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material.
  - VII. Investimentos inmobiliarios.
  - VIII. Inmobilizado intanxible.
  - IX. Activos por imposto diferido.
  - X. Resto de activos.
    1. Periodificacións.
    2. Outros activos.
- Total activo.
- Patrimonio neto e pasivo.
- A) Pasivo.
- I. Acredores comerciais e outras contas a pagar.
    1. Acredores varios.
    2. Pasivos por imposto corrente.

- II. Débedas.
    - 1. Obrigacións.
    - 2. Débedas con entidades de crédito.
    - 3. Fianzas e depósitos recibidos.
    - 4. Sociedades de reafianzamento.
    - 5. Derivados de cobertura.
    - 6. Resto de derivados.
    - 7. Outras débedas.
  - III. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.
  - IV. Pasivos por avais e garantías.
    - 1. Garantías financeiras.
    - 2. Resto de avais e garantías.
  - V. Provisións.
    - 1. Provisións por avais e garantías.
    - 2. Outras provisións.
  - VI. Fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións.
  - VII. Pasivos por imposto diferido.
  - VIII. Resto de pasivos.
  - IX. Capital reembolsable á vista.
- B) Patrimonio neto.
- B-1) Fondos propios.
- I. Capital.
    - 1. Capital suscrito.
      - 1.1 Socios protectores.
      - 1.2 Socios partícipes.
    - 2. Menos: capital non exixido.
    - 3. Menos: capital reembolsable á vista.
  - II. Reservas.
  - III. Resultados de exercicios anteriores.
  - IV. Resultado do exercicio.
- B-2) Axustes por cambios de valor.
- I. Activos financeiros dispoñibles para a venda.
  - II. Outros.
- B-3) Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros.
- Total pasivo e patrimonio neto (a+b).
- Pro-memoria.
- 1. Risco en vigor por avais e garantías outorgados.
    - 1.1 Garantías financeiras.  
do que: dubidosos.
    - 1.2. Resto de avais e garantías.  
do que: dubidosos.
  - 2. Risco reavalado.  
do que: avais e garantías dubidosos.
- Conta de perdas e ganancias pública*
- 1. Importe neto da cifra de negocios.
    - A) Ingresos por avais e garantías.
    - B) Ingresos por prestación de servizos.



2. Outros ingresos de explotación.
  3. Gastos de persoal.
    - A) Soldos, salarios e asimilados.
    - B) Cargas sociais.
    - C) Provisións.
  4. Outros gastos de explotación.
  5. Dotacións a provisións por avais e garantías (neto).
  6. Correccións de valor por deterioración de socios dubidosos (neto).
  7. Dotacións ao fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións (neto).
  8. Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros utilizadas.
  9. Amortización do inmovilizado.
  10. Deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado.
  11. Deterioración e resultado de activos non correntes en venda (neto).
  - A.1) Resultado de explotación  $(1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)$ .
  12. Ingresos financeiros.
    - A) De participacións en instrumentos de patrimonio.
    - B) De valores negociables e outros instrumentos financeiros.
  13. Gastos financeiros.
  14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.
  15. Diferenzas de cambio.
  16. Correccións de valor por deterioración de instrumentos financeiros.
  17. Resultado por alleamentos de instrumentos financeiros.
  - A.2) Resultado financeiro  $(12+13+14+15+16+17)$ .
  - A.3) Resultado antes de impostos  $(a.1+a.2)$ .
  18. Impostos sobre beneficios.
  - A.4) Resultado do exercicio  $(a.3+18)$ .
- Estado de ingresos e gastos recoñecidos
- A) Resultado da conta de perdas e ganancias.  
Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto.
    - I. Por axustes por cambios de valor.
      1. Activos financeiros dispoñibles para a venda.
      2. Outros.
    - II. Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros.
    - III. Efecto impositivo.
  - B) Total ingresos e gastos imputados directamente no patrimonio neto  $(I+II+III)$ .
- Transferencias á conta de perdas e ganancias.
- IV. Por axustes por cambios de valor.
    1. Activos financeiros dispoñibles para a venda.
    2. Outros.
  - V. Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros.
  - VI. Efecto impositivo.
- C) Total transferencias á conta de perdas e ganancias  $(IV+V+VI)$ .  
Total de ingresos e gastos recoñecidos  $(A+B+C)$ .

## Estado total de cambios no patrimonio neto

	Capital			Reservas	Resultados de exercicios anteriores	Resultado do exercicio	Axustes por cambios de valor	Fondos de provisións técnicas. Achegas de terceiros	TOTAL
	Subscrito	Menos: non exixido	Menos: reembolsable á vista						
A. SALDO, FINAL DO ANO									
I. Axustes por cambios de criterio									
II. Axustes por erros									
B. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO									
I. Total ingresos e gastos recoñecidos									
II. Operacións con socios									
1. Aumentos de capital									
2. (-) Reducións de capital									
3. (-) Distribución de dividendos									
4. Outras operacións con socios									
III. Outras variacións do patrimonio neto									
C. SALDO, FINAL DO ANO									

## Estado de fluxos de efectivo

- A) Fluxos de efectivo das actividades de explotación
1. Resultado do exercicio antes de impostos.
  2. Axustes do resultado.
  3. Cambios no capital corrente.
    - a) Debedores e outras contas a cobrar (+/-).
    - b) Outros activos (+/-).
    - c) Acredores e outras contas a pagar (+/-).
    - d) Outros pasivos (+/-).
  4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.
    - a) Pagamentos de xuros (-).
    - b) Cobramentos de dividendos (+).
    - c) Cobramentos de xuros (+).
    - d) Cobramentos (pagamentos) por imposto sobre beneficios (+/-).
    - e) Outros pagamentos (cobramentos) (+/-).
  5. Fluxos de efectivo das actividades de explotación (+/-1+/-2+/-3+/-4).
- B) Fluxos de efectivo das actividades de investimento.
6. Pagamentos por investimentos (-).
    - a) Empresas do grupo e asociadas.
    - b) Inmobilizado intanxible.
    - c) Inmobilizado material.
    - d) Investimentos inmobiliarios.
    - e) Investimentos financeiros.
    - f) Activos non correntes mantidos para a venda.
    - g) Outros activos.
  7. Cobramentos por desinvestimentos (+).
    - a) Empresas do grupo e asociadas.
    - b) Inmobilizado intanxible.

- c) Inmobilizado material.
- d) Invetimentos inmobiliarios.
- e) Invetimentos financeiros.
- f) Activos non correntes mantidos para a venda.
- g) Outros activos.
- 8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7-6).
- C) Fluxos de efectivo das actividades de financiamento.
- 9. Cobramentos e pagamentos por instrumentos de patrimonio.
  - a) Emisión de capital (+).
  - b) Amortización de capital (-).
  - c) Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros (+).
- 10. Cobramentos e pagamentos por instrumentos de pasivo financeiro.
  - a) Emisión (+).
    - 1. Obrigacións.
    - 2. Débedas con entidades de crédito.
    - 3. Fianzas e depósitos recibidos.
    - 4. Sociedades de reafianzamento.
    - 5. Outras débedas.
  - b) Devolución e amortización de (-).
    - 1. Obrigacións.
    - 2. Débedas con entidades de crédito.
    - 3. Fianzas e depósitos recibidos.
    - 4. Sociedades de reafianzamento.
    - 5. Outras débedas.
- 11. Pagamentos por dividendos.
- 12. Fluxos de efectivo das actividades de financiamento (+/-9+/-10-11).
- D) Efecto das variacións dos tipos de cambio.
- E) Aumento/diminución neta do efectivo ou equivalentes (+/-5+/-8+/-12+/-D).  
Efectivo ou equivalentes ao comezo do exercicio.  
Efectivo ou equivalentes ao final do exercicio.

## ANEXO III

### ESTADOS RESERVADOS

#### Estado T.1

##### *Balance reservado*

##### Activo

- I. Tesouraría.
  - 1. Caixa.
  - 2. Depósitos en entidades de crédito: contas correntes e de aforro.
- II. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.
  - 1. Socios dubidosos.
  - 2. Debedores varios.
    - 2.1 Debedores por comisións de avais.
    - 2.2 Resto.
  - 3. Outros créditos coas administracións públicas.
  - 4. Socios por desembolsos exixidos.

5. Activos por imposto corrente.
6. Resto de contas a cobrar.
- III. Inversións financeiras.
  1. Instrumentos de patrimonio.
  2. Valores representativos de débeda.
    - 2.1 Administracións públicas españolas.
      - 2.1.1 Estado.
      - 2.1.2 Comunidades autónomas.
      - 2.1.3 Outras administracións. Valores cotizados
      - 2.1.4 Outras administracións. Valores non cotizados
    - 2.2 Entidades de crédito.
      - 2.2.1 Valores cotizados.
      - 2.2.2 Valores non cotizados.
    - 2.3 Outros sectores residentes.
      - 2.3.1 Valores cotizados.
      - 2.3.2 Valores non cotizados.
    - 2.4 Non residentes.
      - 2.4.1 Valores cotizados.
      - 2.4.2 Valores non cotizados.
  3. Depósitos a prazo en entidades de crédito.
  4. Activos financeiros híbridos.
    - 4.1 Entidades de crédito.
      - 4.1.1 Cotizados.
      - 4.1.2 Non cotizados.
    - 4.2 Outros sectores residentes.
      - 4.2.1 Cotizados.
      - 4.2.2 Non cotizados.
    - 4.3 Non residentes.
      - 4.3.1 Cotizados.
      - 4.3.2 Non cotizados.
  5. Derivados de cobertura.
  6. Resto de derivados.
- IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas.
  1. Instrumentos de patrimonio.
  2. Instrumentos de débeda.
- V. Activos non correntes mantidos para a venda.
  1. Inmobilizado adxudicado.
  2. Resto.
- VI. Inmobilizado material.
  1. Terreos e construcións.
  2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material.
- VII. Inversións inmobiliarias.
- VIII. Inmobilizado intanxible.
- IX. Activos por imposto diferido.

X. Resto de activos.

1. Periodificacións.
2. Outros activos.

Total activo.

Patrimonio neto e pasivo.

A) Pasivo.

I. Acredores comerciais e outras contas a pagar.

1. Acredores varios.
  - 1.1 Importes reclamados por avais.
  - 1.2 Resto.

2. Pasivos por impostos correntes.

II. Débedas.

1. Obrigacións.
2. Débedas con entidades de crédito.
3. Fianzas e depósitos recibidos.
4. Sociedades de reafianzamento.
5. Derivados de cobertura.
6. Resto de derivados.
7. Outras débedas.

III. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.

IV. Pasivos por avais e garantías.

1. Garantías financeiras.
2. Resto de avais e garantías.

V. Provisións.

- 1.1 Provisións por avais e garantías.
  - 1.1.1 Garantías financeiras.
  - 1.1.2 Resto de avais e garantías.
- 1.2 Outras provisións.

VI. Fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións.

VII. Pasivos por imposto diferido.

VIII. Resto de pasivos.

1. Periodificacións.
2. Outros pasivos.

IX. Capital reembolsable á vista.

B) Patrimonio neto.

B-1) Fondos propios.

I. Capital.

1. Capital suscrito.
  - 1.1 Socios protectores.
  - 1.2 Socios partícipes.

2. Menos: capital non exixido.

- 2.1 Socios protectores.
- 2.2 Socios partícipes.

- 3. Menos: capital reembolsable á vista.
  - II. Reservas.
  - III. Resultados de exercicios anteriores.
  - IV. Resultado do exercicio.
  - B-2) Axustes por cambios de valor
    - I. Activos financeiros dispoñibles para a venda.
      - 1. Instrumentos de patrimonio.
      - 2. Valores representativos de débeda.
    - II. Outros.
  - B-3) Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros.
- Total pasivo e patrimonio neto (a+b).
- Pro-memoria.
- 1. Risco en vigor por avais e garantías outorgados.
    - 1.1 Garantías financeiras.  
do que: Dubidosos.
    - 1.2. Resto de avais e garantías.  
do que: dubidosos.
    - 2. Risco reavalado.  
do que: avais e garantías dubidosos.
    - 3. Outras contas.
      - 3.1 Préstamos e partidas a cobrar.
        - 3.1.1 Valores representativos de débeda.
        - 3.1.2 Activos financeiros híbridos.
        - 3.1.3 Resto.
      - 3.2 Activos financeiros mantidos para negociar.
        - 3.2.1 Instrumentos de patrimonio.
        - 3.2.2 Valores representativos de débeda.
        - 3.2.3 Activos financeiros híbridos.
        - 3.2.4 Derivados.
      - 3.3. Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias.
      - 3.4 Activos financeiros dispoñibles para a venda.
        - 3.4.1 Instrumentos de patrimonio a valor razoable.
        - 3.4.2 Instrumentos de patrimonio a custo.
        - 3.4.3 Valores representativos de débeda.
        - 3.4.4 Activos financeiros híbridos.
      - 3.5 Invetimentos mantidos ata o vencemento.
        - 3.5.1 Valores representativos de débeda.
        - 3.5.2 Activos financeiros híbridos.
      - 3.6 Plusvalías (minusvalías) latentes netas en investimentos mantidos ata o vencemento.
      - 3.7 Variacións de valor acumuladas en activos financeiros.
        - 3.7.1 Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias.
        - 3.7.2 Activos financeiros dispoñibles para a venda.
          - 3.7.2.1 Instrumentos de patrimonio.

3.7.2.2 Valores representativos de débeda.

3.7.2.3 Activos financeiros híbridos.

3.8 Capital social mínimo.

3.9 Capital social de socios dubidosos.

3.10 Capital social reclamado, pendente de reembolso.

3.11 Capital social reembolsado.

3.12 Achegas ao fondo de provisións técnicas pendentes de desembolso.

3.13 Socios dubidosos. Importe reavalado.

3.13.1 Non reclamado ao reavalista.

3.13.2 Reclamado ao reavalista, pendente de cobramento.

3.13.3 Desembolsado por reavalistas.

3.14 Activos falidos.

3.14.1 Fondos recibidos de sociedades de reafianzamento.

3.14.2 Outros fondos recibidos de terceiros.

3.14.3 Resto.

3.15 Produtos vencidos e non cobrados de activos dubidosos.

3.16 Outros activos dubidosos.

3.16.1 Debedores varios.

3.16.2 Outras contas a cobrar.

3.16.3 Valores representativos de débeda.

3.16.4 Depósitos a prazo en entidades de crédito.

3.16.5 Activos financeiros híbridos.

3.16.6 Investimentos en empresas do grupo e asociadas. Instrumentos de débeda.

3.17 Correccións de valor por deterioración de activos.

3.17.1 Socios dubidosos.

3.17.2 Debedores varios.

3.17.3 Outras contas a cobrar.

3.17.4 Valores representativos de débeda.

3.17.5 Depósitos a prazo en entidades de crédito.

3.17.6 Activos financeiros híbridos.

3.17.7 Inmobilizado adxudicado en pagamento de débedas.

3.17.8 Resto de activos non correntes mantidos para a venda.

3.17.9 Investimentos en empresas do grupo e asociadas. Instrumentos de patrimonio.

3.17.10 Investimentos en empresas do grupo e asociadas. Instrumentos de débeda.

3.17.11 Resto de instrumentos de patrimonio.

3.17.12 Inmobilizado material.

3.17.13 Investimentos inmobiliarios.

3.17.14 Inmobilizado intanxible.

3.18 Empréstitos emitidos e pendentes de subscrición.

3.19 Dispoñibles a favor da entidade.

3.20 Derivados financeiros (nocial).

## Estado T.2

### *Conta de perdas e ganancias reservada*

1. Importe neto da cifra de negocios.

a) Ingresos por avais e garantías.

b) Ingresos por prestación de servizos.

2. Outros ingresos de explotación.
3. Gastos de persoal.
  - A) Soldos, salarios e asimilados.
  - B) Cargas sociais.
  - C) Provisións.
4. Outros gastos de explotación.
  - A) Comisións pagadas.
  - B) Resto de gastos de explotación.
5. Dotacións a provisións por avais e garantías (neto).
6. Correccións de valor por deterioración de socios dúbidosos (neto).
7. Dotacións ao fondo de provisións técnicas. Cobertura do conxunto de operacións (neto).
8. Fondo de provisións técnicas. Achegas de terceiros utilizadas.
9. Amortización do inmovilizado.
10. Deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado.
11. Deterioración e resultado de activos non correntes en venda (neto).
  - A) Inmovilizado adxudicado en pagamento de débedas.
  - B) Resto.
- A.1) Resultado de explotación (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11).
12. Ingresos financeiros.
  - a) de participacións en instrumentos de patrimonio.
  - b) de valores negociables e outros instrumentos financeiros.
13. Gastos financeiros.
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.
15. Diferenzas de cambio.
16. Correccións de valor por deterioración de instrumentos financeiros.
  - A) Instrumentos de patrimonio.
  - B) Instrumentos de débeda.
17. Resultado por alleamentos de instrumentos financeiros.
- A.2) Resultado financeiro (12+13+14+15+16+17).
- A.3) Resultado antes de impostos (A.1+A.2).
18. Impostos sobre beneficios.
- A.4) Resultado do exercicio (A.3+18).

**Estado T.3***Cobertura do risco de crédito*

	Importe base da cobertura			Cobertura
	Total	A deducir (6)	Risco dúbidoso axustado	
<b>RISCO ESPECÍFICO:</b>				
1. Activos dúbidosos (1).....				
1.1 Clasificados como dúbidosos en función da súa morosidade.....				
1.1.1 Con carácter xeral.....				
Vencidos ata seis meses.....				



	Importe base da cobertura			Cobertura
	Total	A deducir (6)	Risco dubidoso axustado	
Máis de 6 meses vencidos, sen exceder dos 12 .....				
Máis de 12 meses vencidos, sen exceder dos 18 .....				
Máis de 18 meses vencidos, sen exceder dos 24 .....				
Máis de 24 meses vencidos .....				
1.1.2 Con garantía hipotecaria sobre vivendas terminadas .....				
Vencidos ata 3 anos .....				
Máis de 3 anos vencidos, sen exceder dos 4 .....				
Máis de 4 anos vencidos, sen exceder dos 5 .....				
Máis de 5 anos vencidos, sen exceder dos 6 .....				
Máis de 6 anos vencidos .....				
1.1.3 Outras operacións con garantía real .....				
Vencidos ata seis meses .....				
Máis de 6 meses vencidos, sen exceder dos 12 .....				
Máis de 12 meses vencidos, sen exceder dos 18 .....				
Máis de 18 meses vencidos, sen exceder dos 24 .....				
Máis de 24 meses vencidos .....				
1.1.4 Con garantía pignoraticia: .....				
1.2 Clasificados como dubidosos por razóns distintas da morosidade (2) .....				
1.3 Debedores por comisións e ingresos por servizos .....				
1.4 Desembolsos de capital exixidos .....				
2. Activos subestándar .....				
3. Avais e garantías dubidosos (3) .....				
3.1 Clasificados dubidosos en función da súa morosidade .....				
3.1.1 Garantías financeiras .....				
3.1.1.1 Clasificados hai 1 ano ou menos .....				
3.1.1.2 Clasificados hai máis de 1 ano .....				
3.1.2 Resto de avais e garantías .....				
3.1.2.1 Clasificados hai 1 ano ou menos .....				
3.1.2.2 Clasificados hai máis de 1 ano .....				
3.2 Clasificados como dubidosos por razóns distintas da morosidade (2) .....				
4. Avais e garantías subestándar .....				
5. Menos: cobertura non necesaria por contratos de reafianzamento (4) .....				
Total .....				
<b>RISCO DO CONXUNTO DE OPERACIÓNS (IMPORTE MÍNIMO):</b>				
1. Con cobertura do 1% .....				
2. Con cobertura do 0,5% .....				
3. Sen cobertura obrigatoria .....				
4. Menos: cobertura non necesaria por contratos de reafianzamento (4) .....				
Total (5) .....				

(1) Importe das partidas «II.1. Socios dubidosos» do activo sen deducir as correccións de valor por deterioración e « 3.16. Outros activos dubidosos» da pro-memoria do balance.

(2) Nas partidas «clasificados como dubidosos por razóns distintas da morosidade» inclúense exclusivamente os riscos en que non concorran simultaneamente motivos para a súa clasificación como dubidosos en función da súa morosidade, os cales se inclúen nas partidas correspondentes a «clasificados como dubidosos en función da súa morosidade» coa cobertura necesaria.

(3) Importe das partidas «do que: dúbidosos» da partida 1. «Risco en vigor por avais e garantías outorgados» da pro-memoria do balance.

(4) No cálculo da cobertura dos activos, avais e garantías non se terán en conta os importes reavalados por contratos de reafianzamento. Nas partidas «Menos: cobertura non necesaria por contratos de reafianzamento» incluírase o importe da cobertura que non sexa necesaria por contar con contratos de reafianzamento, calculado segundo os termos dos contratos subscritos.

(5) Importe da suma das partidas «II.2.2. Debedores varios. Resto», «II.3. Outros créditos coas administracións públicas», «II.6. Resto de contas a cobrar», «III.2. Valores representativos de débeda», «III.4 Activos financeiros híbridos» e «IV.2. Investimentos en empresas do grupo e asociadas. Instrumentos de débeda» do activo e da partida «1. Risco en vigor por avais e garantías outorgados», excepto os riscos para os cales se efectuasen coberturas de carácter específico.

(6) Saldos a deducir: capital desembolsado do titular que se pode utilizar para reducir os activos, avais e garantías dos socios cualificados como dúbidosos e achegas en diñeiro recibidas especificamente para a súa cobertura.

### Estado T.4

#### Clasificación dos avais e garantías outorgados

	Avais en vigor na data		Avais formalizados no exercicio en curso (1)	
	Número	Importe	Número	Importe
Polo sector avalado:				
Sector primario				
Sector industrial				
Sector construción				
Sector terciario				
Total				
Pola persoa ou entidade ante a cal se avala:				
Bancos				
Caixas de aforro				
Cooperativas de crédito				
Establecementos financeiros de crédito				
Outras entidades financeiras				
Provedores				
Administracións públicas				
Outros				
Total				
Pola natureza da operación garantida:				
Créditos de diñeiro (2) (3)				
Créditos de sinatura (2) (4)				
Adiamento de pagamento en compravenda de bens no mercado interior (2)				
Exportación e importación de bens e servizos				
Avais técnicos:				
Construción de vivendas				
Contratación de obras, servizos ou subministracións e concorrencia a poxas				
Obrigas ante Facenda, tribunais e outros organismos públicos (5)				
Outras obrigas				
Total				
Polas garantías complementarias recibidas				
Real				
Hipotecaria				

	Avais en vigor na data		Avais formalizados no exercicio en curso (1)	
	Número	Importe	Número	Importe
Outras				
Persoal				
Sen garantías adicionais				
<b>Total</b>				
Avais concedidos a altos cargos da sociedade e a persoas e empresas vinculadas a eles				

	Operativa acumulada do exercicio		
	Número	Importe	Prazo medio (meses)
Avais solicitados			
Avais concedidos			
Avais formalizados			
Reavais formalizados			

- (1) Os datos corresponden aos avais e garantías formalizados desde o principio do exercicio.
- (2) As garantías financeiras (tamén coñecidas como garantías crediticias) deberanse incluír necesariamente nas categorías «créditos de diñeiro», «créditos de sinatura» ou «adiamento de pagamento en compravenda de bens no mercado interior».
- (3) En «créditos de diñeiro» inclúense os avais e garantías directos de riscos en diñeiro, agás os correspondentes a adiamentos de pagamento en compravenda de bens no mercado interior.
- (4) En «créditos de sinatura» inclúense exclusivamente os avais indirectos de riscos en diñeiro (reavais de avais de créditos de diñeiro).
- (5) En «obrigas ante Facenda, tribunais e outros organismos públicos» non se incluírán as garantías que consisten en adiamento de pagamento de débedas.